

CONCURSO DE FOTOGRAFÍA

«Como ves ti as gaivotas?»

Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia

As gaivotas patiamarelas son unha especie emblemática do Parque Nacional das Illas Atlánticas. As illas albergan unha das colonias de cría máis importantes desta especie, e estas aves xogan, ademais, un papel fundamental nos ecosistemas do parque.

Desde hai uns 20 anos, a súa poboación nas Rías Baixas, e en Galicia en xeral, vén rexistrando un descenso importante, que tamén se nota moito no noso parque. As causas non son de todo coñecidas, e están a ser investigadas na actualidade. A realidade é que a situación é preocupante, aínda que pasa bastante desapercibida.

Tamén nos preocupan certos prexuízos que circulan sobre esta especie. As gaivotas patiamarelas viven maioritariamente no medio natural, alimentándose de recursos que o mar e a costa lles proporcionan. Pero nas cidades, onde sen querer poñemos á súa disposición alimento fácil, ás veces son vistas con desagrado. Cremos que esa percepción negativa nace sobre todo da falta de coñecemento e de experiencias puntuais no medio urbano.

As gaivotas deben ser protexidas, conservadas e, sobre todo, mellor comprendidas. Cando veñades ao parque, tede iso en conta: estaredes nas illas das gaivotas!

Por iso, queremos lanzar un desafío fotográfico: Como vedes vós ás gaivotas? Como credes que podemos coñecelas e convivir mellor?

BASES DO CONCURSO

CONVOCATORIA

O Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia convoca o concurso de fotografía «Como ves ti as gaivotas?», co obxectivo de promover unha mirada nova e respectuosa sobre as gaivotas patiamarelas (*Larus michahellis*), especie emblemática do parque e cunha poboación en importante declive nas últimas dúas décadas.

PARTICIPACIÓN

Poderá participar calquera persoa maior de 18 anos. A participación é libre e gratuíta. Cada participante só poderá presentar unha fotografía. O prazo de presentación é do 1 e o 31 de maio de 2026. Non é necesario que sexan tomadas no ámbito do parque nacional.



ENVÍO E FORMATO

As fotografías enviaranse accedendo ao formulario <https://tally.so/r/QKxkRY> antes das 23:59 h do 31 de maio de 2026. Nel deberá indicarse o nome completo e DNI do persoa autora, correo electrónico, teléfono de contacto e un título para a fotografía.

Requisitos técnicos das imaxes:

- Formato JPG/JPEG.
- Tamaño máximo: 10 MB por fotografía.
- As fotografías non poderán incluír marcas de auga, sinaturas ou logotipos.
- Admítense axustes propios do revelado dixital (exposición, contraste, balance de brancos, enfoque, recorte) e o uso de calquera equipo fotográfico. Non se admitirán imaxes xeradas mediante intelixencia artificial.

TEMÁTICA

As fotografías deben ter como suxeito as gaivotas e a súa relación co medio tanto natural como humano en Galicia, reflectindo a visión persoal do/a participante sobre elas. Valorarase a creatividade, a calidade técnica e a capacidade da imaxe para transmitir unha mensaxe sobre o coñecemento e a convivencia coas gaivotas.

CRITERIOS ÉTICOS

Na realización das fotografías, as persoas participantes deberán respectar en todo momento á fauna, a flora e o medio natural. Non se admitirán fotografías que, a xuízo da organización, puidesen ter implicado unha alteración do comportamento natural das aves, aproximación a niños, polos ou zonas de cría, ou calquera acción que puidese poñer en risco a seguridade das especies ou dos seus hábitats. O incumprimento destes criterios supoñerá a descualificación inmediata.

PREMIOS

Seleccionaranse 8 fotografías gañadoras. O premio consistirá na participación, para cada persoa gañadora e un acompañante, nunha excursión guiada ás Illas Cíes realizada polo equipo de guías do parque nacional, que terá lugar o 21 de xuño de 2026. A ruta permitirá descubrir en detalle a vida e a situación actual das gaivotas patiamarelas no parque.

SELECCIÓN

A selección das fotografías gañadoras será realizada por un xurado designado polo parque nacional. As súas decisións serán inapelables. O xurado poderá declarar deserto o concurso se considera que ningunha obra reúne as condicións necesarias.



CESIÓN DE DEREITOS

As persoas participantes deberán ser as únicas titulares dos dereitos de autoría das fotografías presentadas. Coa súa participación, ceden ao Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia, de forma gratuíta e non exclusiva, o dereito a utilizar as imaxes presentadas para fins de divulgación, educación ambiental e exposicións realizadas polo parque, así como para a súa difusión en redes sociais e canles dixitais do parque. En todo caso, recoñecerase a autoría da fotografía nas publicacións. A titularidade e os dereitos de explotación seguirán pertencendo á persoa autora.

PROTECCIÓN DE DATOS

Os datos persoais facilitados serán tratados polo Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia exclusivamente para a xestión do presente concurso, de conformidade co Regulamento Xeral de Protección de Datos (UE) 2016/679. As persoas participantes poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación e oposición dirixíndose ao parque nacional.

ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación no concurso implica a aceptación íntegra destas bases. A organización resérvase o dereito de resolver calquera cuestión non prevista nelas.

CONCURSO DE FOTOGRAFÍA

«¿Cómo ves tú las gaviotas?»

Parque Nacional Marítimo-Terrestre de las Islas Atlánticas de Galicia

Las gaviotas patiamarillas son una especie emblemática del Parque Nacional de las Islas Atlánticas. Las islas albergan una de las colonias de cría más importantes de esta especie, y estas aves juegan, además, un papel fundamental en los ecosistemas del parque.

Desde hace unos 20 años, su población en las Rías Baixas, y en Galicia en general, viene registrando un descenso importante, que también se nota mucho en nuestro parque. Las causas no son de todo conocidas, y están siendo investigadas en la actualidad. La realidad es que la situación es preocupante, aunque pasa bastante desapercibida.

También nos preocupan ciertos prejuicios que circulan sobre esta especie. Las gaviotas patiamarillas viven mayoritariamente en el medio natural, alimentándose de recursos que el mar y la costa les proporcionan. Pero en las ciudades, donde sin querer ponemos a su disposición alimento fácil, a veces son vistas con desagrado. Creemos que esa percepción negativa nace sobre todo de la falta de conocimiento y de experiencias puntuales en el medio urbano.

Las gaviotas deben ser protegidas, conservadas y, sobre todo, mejor comprendidas. Cuando vengáis al parque, tened eso en cuenta: estaréis en las islas de las gaviotas!.

Por ello, queremos lanzar un desafío fotográfico: ¿Cómo veis vosotros a las gaviotas? ¿Cómo creéis que podemos conocerlas y convivir mejor?.

BASES DO CONCURSO

CONVOCATORIA

El Parque Nacional Marítimo-Terrestre de las Islas Atlánticas de Galicia convoca el concurso de fotografía «¿Cómo ves tú las gaviotas?», con el objetivo de promover una mirada nueva y respetuosa sobre las gaviotas patiamarillas (*Larus michahellis*), especie emblemática del parque y con una población en importante declive en las últimas dos décadas.

PARTICIPACIÓN

Podrá participar cualquier persona mayor de 18 años. La participación es libre e gratuita. Cada participante solo podrá presentar una fotografía. El plazo de presentación es del 1 al 31 de mayo de 2026. No es necesario que sean tomadas en el ámbito del parque nacional.



ENVÍO Y FORMATO

Las fotografías se enviarán accediendo al formulario <https://tally.so/r/OKxkRY> antes de las 23:59 h del 31 de mayo de 2026. Deberá indicarse el nombre completo y DNI de la persoa autora, correo electrónico, teléfono de contacto y un título para la fotografía.

Requisitos técnicos de las imágenes:

- Formato JPG/JPEG.
- Tamaño máximo: 10 MB por fotografía.
- Las fotografías no podrán incluir marcas de auga, firmas o logotipos.
- Se admiten ajustes propios del revelado digital (exposición, contraste, balance de blancos, enfoque, recorte) y el uso de cualquier equipo fotográfico. No se admitirán imágenes generadas mediante inteligencia artificial.

TEMÁTICA

Las fotografías deben tener como sujeto las gaviotas y su relación con el medio tanto natural como humano en Galicia, reflejando la visión personal del/de la participante sobre ellas. Se valorará la creatividad, la calidad técnica y la capacidad de la imagen para transmitir un mensaje sobre el conocimiento y la convivencia con las gaviotas.

CRITERIOS ÉTICOS

En la realización de las fotografías, las personas participantes deberán respetar en todo momento la fauna, la flora y el medio natural. No se admitirán fotografías que, a juicio de la organización, pudieran haber implicado una alteración del comportamiento natural de las aves, aproximación a nidos, polluelos o zonas de cría, o cualquier acción que pudiera poner en riesgo la seguridad de las especies o de sus hábitats. El incumplimiento de estos criterios supondrá la descalificación inmediata.

PREMIOS

Se seleccionarán 8 fotografías ganadoras. El premio consistirá en la participación, para cada persona ganadora y un acompañante, en una excursión guiada a las Islas Cíes realizada por el equipo de guías del parque nacional, que tendrá lugar el 21 de junio de 2026. La ruta permitirá descubrir en detalle la vida y la situación actual de las gaviotas patiamarelas en el parque.

SELECCIÓN

La selección de las fotografías ganadoras será realizada por un jurado designado por el parque nacional. Sus decisiones serán inapelables. El jurado podrá declarar desierto el concurso si considera que ninguna obra reúne las condiciones necesarias.



CESIÓN DE DERECHOS

Las personas participantes deberán ser las únicas titulares de los derechos de autoría de las fotografías presentadas. Con su participación ceden al Parque Nacional de las Islas Atlánticas de Galicia, de forma gratuita y no exclusiva, el derecho a utilizar las imágenes presentadas para fines de divulgación, educación ambiental y exposiciones realizadas por el parque, así como para su difusión en redes sociales y canales digitales del parque. En todo caso, se reconocerá la autoría de la fotografía en las publicaciones. La titularidad y los derechos de explotación seguirán perteneciendo a la persona autora.

PROTECCIÓN DE DATOS

Los datos personales facilitados serán tratados por el Parque Nacional de las Islas Atlánticas de Galicia exclusivamente para la gestión del presente concurso, de conformidad con el Reglamento General de Protección de Datos (UE) 2016/679. Las personas participantes podrán ejercer sus derechos de acceso, rectificación, supresión, limitación y oposición dirigiéndose al parque nacional.

ACEPTACIÓN DAS BASES

La participación en el concurso implica la aceptación íntegra de estas bases. La organización se reserva el derecho de resolver cualquier cuestión no prevista en ellas.